

*PUBLICASE ORDE do 29 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións para a **DIXITALIZACIÓN E MODERNIZACIÓN DE EMPRESAS COMERCIAIS E ARTESANAIS** 2018 (IN201H).*

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20180201/AnuncioG0424-030118-0003_gl.html

PRAZO: 02/02/2018 ATA 01/03/2018.

BENEFICIARI@S:

- a) Comerciantes retallistas: Que teña a condición de peme, e que que estean dados de alta nalgũa das epígrafes do IAE que se relacionan no anexo II e que esta constitúa a actividade principal do solicitante. Epígrafes:
641,642,643,644,645,647.1,647.2,647.3,651,652.2,652.3,652.4,653,654.2,654.5,657,
659.2,659.3,659.6,659.7,661.3,662.2,663
- b) Titulares de obradoiros artesanais

ACTUACIÓN SUBVENCIONABLES:

a) A implantación ou actualización de páxinas web comerciais e a mellora da imaxe en liña dirixidas á comercialización dos seus produtos.

– Para a **implantación de páxinas web con venda en liña** o máximo subvencionable é de 4.000,00 € (IVE excluído).

– Para a **implantación de páxina web** é de 1.000,00 € (IVE excluído).

– Para a **mellora e actualización da páxina web con venda en liña** é de 1.000,00 € (IVE excluído).

A porcentaxe de subvención será o **50 % do investimento** máximo subvencionable.

b) A loxística dixital a través do **deseño e implantación dun packaging para a venda en liña** adecuado ás características

do produto e á imaxe e identidade da empresa comercial ou artesanal, dirixidas á mellora da comercialización e da imaxe.

O investimento máximo subvencionable será de 5.000,00 € (IVE excluído). A porcentaxe de subvención será o 50 % do investimento máximo subvencionable.

c) **Implantación de ferramentas de xestión:** sistemas integrados para a planificación de recursos empresariais, comerciais e *software* adecuados ás necesidades da empresa.

O investimento máximo subvencionable será de 3.000,00 € (IVE excluído). A porcentaxe de subvención será o 50 % do investimento máximo subvencionable.

d) Os **servizos de xestión de redes sociais.** A axuda consistirá nun ticket para a xestión de redes sociais, no marco do programa de *Social Commerce* que se desenvolverá en colaboración coa Federación Galega de Comercio, durante o ano 2018.

Proxectos de modernización integral do local comercial incluídos nun proxecto de decoración e interiorismo.

a) As **obras de reforma e acondicionamento integral da superficie de exposición e venda do local comercial.**

b) Adquisición de **moblaxe destinada á mellora da imaxe comercial e adquisición de equipamento especializado para a exposición do produto** que sexa necesario para o desenvolvemento da actividade comercial e de uso exclusivo na superficie de exposición e venda.

c) **Actuacións de mellora da fachada exterior do local comercial e instalación de toldos, carteis, letreiros ou similares.**

Para o conxunto destas actuacións, o investimento máximo subvencionable será de 30.000,00 € (IVE excluído) e o investimento mínimo de 15.000,00 € (IVE excluído).

A porcentaxe de subvención será o 50 % do investimento máximo subvencionable.